

Igualdade de Xénero

IES Agra de Leborís - A Laracha

Programación didáctica

CURSO

22/23

Índice

1.- Introducción e contextualización	p. 3
2.- Contribución ao desenvolvemento das competencias clave e relación cos estándares de aprendizaxe	p. 5
3.- Obxectivos que se pretenden en Igualdade de Xénero	p. 8
4.- Estándares de aprendizaxe: Temporalización, grao mínimo para superar a materia, procedementos e instrumentos de avaliación	p. 10
5.- Metodoloxía e metodoloxía COVID-19	p. 16
6.- Materiais e recursos didácticos	p. 18
7.- Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado	p. 19
8.- Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente	p. 20
9.- Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentas	p. 22
10.- Procedementos para a realización da avaliación inicial e medidas a adoptar.....	p. 23
11.- Medidas de atención a diversidade.....	p. 24
12.- Elementos transversais	p. 26
13.- Actividades complementarias e extraescolares	p. 27
14.- Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica	p. 28

1. Introducción e contextualización

A igualdade de dereitos e oportunidades entre as mulleres e os homes, así como a perspectiva de xénero, deben integrarse en todas as etapas do sistema educativo coa finalidade de promover os valores necesarios para o exercicio dunha cidadanía democrática e para construír unha sociedade máis xusta e igualitaria

A pesar de que nas últimas décadas se produciron importantes avances na eliminación das desigualdades por razón de xénero, aínda se identifican en multitude de ámbitos mostras preocupantes de que non se acadou unha igualdade real e efectiva entre mulleres e homes. Moitas destas mostras reproducense tamén entre o alumnado máis novo, de aí que sexa necesario integrar de maneira decidida a perspectiva de xénero, isto é, un enfoque que teña en consideración as diferenzas que existen entre mulleres e homes en distintas actividades ou ámbitos da vida co obxectivo de acadar a plena igualdade

A educación constitúe un instrumento fundamental para mudar esta situación de desigualdade. Con esta materia preténdese concienciar o alumnado para que actúe de xeito crítico ante as situacións de desigualdade que percibe, no seu contorno e fóra del, e para que recoñeza as relacións interpersoais e sociais desde a natural diversidade de xénero, sexo e orientación sexual como parte dunha realidade plural e enriquecedora, onde non hai lugar para discriminacións ou exclusións de ningún tipo

A diversificación formativa e profesional, así como a toma de decisións libres de estereotipos de xénero resultan imprescindibles para contribuír a este cambio social e para non perpetuar os mecanismos de selección educativos e profesionais baseados no xénero

Por outra parte, na escola seguen a ser invisibles, en moitos casos, as achegas das mulleres nos distintos campos do saber, o que fai que os referentes sigan a ser os valores predominantemente masculinos que dan continuidade a roles diferenciados en función do seu xénero

A materia estrutúrase en catro bloques diferenciados. O primeiro deles, denominado “A construción social das identidades sexuais e de xénero”, introduce os conceptos principais sobre xénero e igualdade relacionándoos coa realidade escolar, familiar e social, tratando de que poidan ser identificables nestes ámbitos polo alumnado. O obxectivo xeral consiste en iniciar unha toma de conciencia e reflexión sobre a situación da desigualdade, que será o desencadeante de situacións de discriminación, marxinalidade e violencia

No segundo bloque, denominado “Relacións de xénero e afectividade”, trabállase a necesidade de abordar a convivencia e a relación entre os sexos, de reflexionar sobre a interdependencia entre os distintos xéneros e as relacións de afectividade e sexualidade. Segundo os modelos, os referentes ou os enfoques educativos que orienten a nosa aprendizaxe, a expresión da afectividade pode ser diversa; esta realidade debe ser necesariamente plural entre a mocidade. Abordar a convivencia e o desenvolvemento da sexualidade, a expresión e xestión da emocionalidade e dos afectos supoñerá participar e colaborar activamente nun dos obxectivos fundamentais da educación, como é que cada estudante adquira un coñecemento da propia identidade e unha imaxe das demais persoas libre de estereotipos, que saiba aceptarse e expresarse axeitadamente e con respecto nos afectos e nas súas relacións persoais e co outro sexo

No terceiro bloque, “Da discriminación á igualdade de oportunidades”, trabállanse as dificultades das mulleres para facerse visibles e acadar o que xa moito antes conseguiron os homes (por exemplo, as loitas polo sufraxio, o dereito á educación, os postos de responsabilidade pública ou o acceso ao poder político, social e económico). O alumnado debe coñecer que as mulleres foron e seguen a ser discriminadas nos ámbitos público e privado (mercado laboral, salarios, tarefas domésticas, linguaxe...). Ademais, tamén debe ser consciente da súa invisibilidade no transcurso da historia, recollendo información sobre algunhas das mulleres esquecidas nos distintos ámbitos do saber e esferas sociais, tanto na antigüidade como no mundo contemporáneo

O cuarto bloque, “Cara a unha sociedade sen violencia machista” pretende, en primeiro lugar, describir e poñer de relevo como as violencias machistas son consecuencia das múltiples discriminacións por cuestión de xénero. Explicaranse mediante exemplos as distintas tipoloxías de violencia, procurando facer ver que a de dominio (física e emocional) é o cumio do iceberg máis perceptible da violencia machista. Visionarase a escaleira da violencia e valoraranse negativamente certas actitudes dentro da parella, algunhas naturalizadas e interiorizadas como probas de amor (control, celos...), aínda que acotío actúan de síntoma anticipatorio de condutas agresivas con consecuencias moi graves

A amplitude e diversidade dos contidos propostos nesta materia, así como o seu carácter multidisciplinar, deixan aberto ao profesorado diferentes posibilidades de organización, secuenciación e concreción. A estruturación dos contidos que figuran nesta proposta non implica un tratamento diferenciado e separado, senón que todos os contidos deben traballarse de xeito progresivo e interrelacionado, o que é recomendable dende unha perspectiva metodolóxica. En todos os bloques resulta fundamental a motivación do alumnado para participar activamente nas tarefas e nos debates propostos, favorecendo o intercambio de ideas que conduzan a valorar positivamente a contribución persoal na construción dunha sociedade máis xusta

Por outra parte, considérase imprescindible o fomento dun clima de confianza na aula, adecuado para a transmisión sincera de opinións e valoracións. Esta construción dunha convivencia positiva no espazo escolar permitirá a abordaxe desta materia de maneira integral, polo tanto, implica tamén o tratamento da educación emocional, das habilidades sociais e comunicativas e de todos aqueles elementos necesarios para saber convivir e relacionarse.

Tamén resultaría motivador para o alumnado, nalgún momento do curso académico, un traballo orientado á obtención dun produto final real (folleto, cartel, vídeo...) onde se integrasen as aprendizaxes, competencias, habilidades e actitudes adquiridas durante o curso

Ademais resultaría de proveito que nalgúns dos contidos que se traten (linguaxe inclusiva, visibilidade das mulleres...), se colabore con outros departamentos didácticos e/ou servizos do centro, como por exemplo o departamento de Orientación ou o servizo de Mediación, no caso de que exista. Isto sería positivo, tanto para o alumnado como para o profesorado, pola optimización do tempo na explicación básica dos contidos así como para o rendemento do alumnado.

O camiño para avanzar cara á igualdade é a educación. O respecto, a liberdade e a igualdade son tres dos piares básicos. Desde as aulas podemos ensinar aos nenos e nenas a ter unha visión do mundo e das relacións entre xéneros, libre de prexuízos e estereotipos, construíndo unha sociedade igualitaria entre mulleres e homes

2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave e relación cos estándares de aprendizaxe

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. A construción social das identidades sexuais e de xénero	
IGUB1.1.1. Observa as diferenzas nas escollas entre mulleres e homes en situacións reais no ámbito do lecer (xogo, deporte...).	CCEC CSC
IGUB1.1.2. Analiza as causas que determinan as escollas das mulleres e dos homes.	CCEC CSC
IGUB1.1.3. Valora a igualdade na toma de decisións e rexeita estereotipos e prexuízos sexistas.	CCEC CSC
IGUB1.2.1. Compara os modelos de comportamento que representan homes e mulleres no seu contorno (familia, escola, amizades...) e analiza como inflúen no proxecto de vida.	CAA CCEC CSC
IGUB1.3.1. Identifica distintos modelos de familias e recoñece estereotipos na sociedade poñendo exemplos tirados de distintos ámbitos (familia, escola, amizade, medios de comunicación...).	CAA CCEC CSC
IGUB1.3.2. Participa, de maneira activa, nos diálogos propostos na clase, respectando as normas de interacción, intervención e cortesía e realiza produtos (textuais, gráficos e audiovisuais) cooperando con actitudes igualitarias.	CCL CD CAA CSIEE CCEC CSC
Bloque 2. Relacións de xénero e afectividade	
IGUB2.1.1. Nomea distintos estados emocionais e pon exemplos en situacións reais ou simuladas de relacións afectivas con trazos negativos ou de dependencia.	CCL CSC
IGUB2.1.2. Distingue distintos tipos de relacións afectivas entre persoas (amizade, atracción, relación de parella) a partir de situacións dadas.	CCL CAA CSC
IGUB2.1.3. Identifica modelos de relación tradicionais de parella a partir de exemplos reais que propoñan ou situacións simuladas.	CAA CSC
IGUB2.1.4. Compara distintos modelos de relacións, a partir de diferentes produtos audiovisuais (curtas, series de TV, música...), identifica os seus condicionamentos e valora a diversidade.	CAA CSC
IGUB2.2.1. Identifica e diferencia distintos ámbitos da sexualidade a partir de exemplos reais ou simulados axeitados para a súa etapa evolutiva, recoñecendo estereotipos culturais e posibles desigualdades.	CCL CAA CSC
IGUB2.2.2. Compara os roles do home e da muller nas relacións afectivas e sexuais no modelo dominante a través de imaxes ou vídeos propostos.	CD CSC
IGUB2.3.1. Identifica condutas e estratexias de respecto e comprensión nas relacións afectivas e sexuais a partir de casos prácticos ou debates.	CSIEE CSC
IGUB2.3.2. Procura fórmulas para resolver os conflitos a través da escoita activa, a asertividade, a empatía e o diálogo construtivo.	CSIEE CSC

IGUB2.3.3. Identifica as posibilidades que ofrecen as TIC como medio de comunicación e interacción entre iguais a través de exemplos comúns e utilízalas sen incorrer en desigualdades nin riscos para a propia integridade e a dos demais.	CCL CD CSC
IGUB2.3.4. Participa de maneira activa nos diálogos propostos na clase, respectando as normas de interacción, intervención e cortesía e realiza produtos (textuais, gráficos e audiovisuais) cooperando de xeito igualitario.	CCL CD CAA CSIEE CSC
Bloque 3. Da discriminación á igualdade de oportunidades	
IGUB3.1.1. Identifica fitos na consecución de dereitos ao longo da historia da humanidade.	CAA CSC
IGUB3.2.1. Compara a adquisición dos dereitos por parte das mulleres e dos homes e recoñece as situacións discriminatorias que dan lugar á vulneración de dereitos humanos a través de exemplos concretos: dereito ao voto, á educación, á representación pública...	CAA CSC
IGUB3.3.1. Busca e selecciona mostras da desigualdade por razón de sexo e xénero a través de diferentes exemplos: na división sexual do traballo, acceso ao mundo laboral, salarios, masculinización e feminización dos perfís profesionais, corresponsabilidade no ámbito doméstico, uso desigual dos espazos e aproveitamento dos tempos de ocio, uso das novas tecnoloxías, feminización da pobreza...	CD CAA CSC
IGUB3.3.2. Valora os dereitos acadados para o desenvolvemento e a autonomía persoal.	CSIEE CSC
IGUB3.3.3. Participa de maneira activa nos diálogos propostos na clase, respectando as normas de interacción, intervención e cortesía e realiza produtos (textuais, gráficos e audiovisuais) cooperando con actitudes igualitarias.	CCL CD CAA CSIEE CSC
IGUB3.4.1. Consulta e utiliza, de forma autónoma, fontes de información básicas (dixitais e outras) para a realización de traballos sinxelos sobre o labor de mulleres representativas nalgúns dos campos do coñecemento, da realización persoal, do lecer...	CCL CD CAA
IGUB3.5.1. Identifica os recursos lingüísticos que contribúen a visibilizar as mulleres no discurso a través do uso dunha linguaxe inclusiva.	CCL CAA CSC
IGUB3.5.2. Incorpora, de xeito gradual, a linguaxe inclusiva nas súas intervencións orais e producións escritas.	CCL
IGUB3.6.1. Identifica actitudes positivas propias ou no seu contorno situacións de cambio que conduzan á igualdade entre os sexos.	CAA CSC
IGUB3.6.2. Realiza propostas para conseguir a ampliación de dereitos e acadar así a igualdade real e efectiva, así como a visibilidade social da muller.	CCL CSIEE CSC
Bloque 4. Cara a unha sociedade sen violencia machista	
IGUB4.1.1. Identifica e xerarquiza feitos, actitudes e comportamentos discriminatorios e relacións coa violencia machista.	CCL CAA CSC
IGUB4.2.1. Identifica algúns tipos de violencia a partir de exemplos diversos e clasifícaos (violencia psicolóxica, física...).	CCL CAA CSC
IGUB4.2.2. Recoñece o ciclo da violencia a partir de situacións de agresións propostas.	CCL CSC

<p>IGUB4.3.1. Recoñece os sinais de alerta que permiten distinguir un caso de violencia machista, identifícaos en casos prácticos e denuncia as condutas violentas.</p>	<p>CCL CAA CSIEE CSC</p>
<p>IGUB4.3.2. Participa, de maneira activa, nos diálogos propostos na clase, respectando as normas de interacción, intervención e cortesía e realiza produtos (textuais, gráficos e audiovisuais) cooperando con actitudes igualitarias.</p>	<p>CCL CD CAA CSIEE CSC</p>
<p>IGUB4.4.1. Busca exemplos da trata de persoas e da escravitude sexual nos medios de comunicación.</p>	<p>CCL CD CSIEE CSC</p>
<p>IGUB4.5.1. Realiza un produto (cartel, folleto, presentación, artigo xornalístico, blog...) que expoña de xeito sinxelo e positivo mensaxes e propostas de solución para afrontar as situacións de violencia machista.</p>	<p>CCL CD CAA CSIEE CSC</p>
<p>IGUB4.5.2. Incorpora, de xeito gradual, a linguaxe inclusiva nas súas intervencións orais e producións escritas.</p>	<p>CCL</p>

3. Obxectivos

A materia de Igualdade de xénero contribuirá a desenvolver nos estudantes da ESO as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre las persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, coma valores común dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, coma condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e coma medio de desenvolvemento persoal

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así coma calquera manifestación de violencia contra a muller

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos los ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así coma rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos

e) Desenvolveren destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en sí mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento e na lectura

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así coma o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran aportacións importantes á cultura e a sociedade galega e doutras do mundo

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporal, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos ser vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes a comunidade lusófona

4. Estándares de aprendizaxe: Temporalización, grao mínimo para superar a materia, procedementos e instrumentos de avaliación

Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temp.	Grao mínimo de consecución	Procedementos e Instrumentos de avaliación
Bloque 1. A construción social das identidades sexuais e de xénero					
<p>B1.1. Sociedade e xénero. Diferenza entre sexo e xénero.</p> <p>B1.2. Igualdade formal e igualdade real.</p> <p>B1.3. Feminismo e machismo.</p> <p>B1.4. Sexismo, roles de xénero e estereotipos.</p>	<p>B1.1. Comprender os conceptos básicos do ámbito da igualdade aplicándoos á vida real.</p>	<p>IGUB1.1.1. Observa as diferenzas nas escollas entre mulleres e homes en situacións reais no ámbito do lecer (xogo, deporte...).</p>	1º T	<p>Observa certas diferenzas nas escollas entre mulleres e homes</p>	<p>Participación e atención nas actividades diarias de clase, actitude e comportamento fronte á materia, respecto fronte ás normas e realización de traballos individuais ou en grupo..</p>
		<p>IGUB1.1.2. Analiza as causas que determinan as escollas das mulleres e dos homes.</p>	1º T	<p>Analiza algunhas causas que determinan as escollas das mulleres e dos homes.</p>	
		<p>IGUB1.1.3. Valora a igualdade na toma de decisións e rexeita estereotipos e prexuízos sexistas.</p>	1º T	<p>Valora a igualdade e rexeita estereotipos e prexuízos sexistas.</p>	
<p>B1.5. O proceso de socialización. Interiorización dos roles de xénero.</p> <p>B1.6. A construción das identidades sexuais e de xénero na adolescencia. Consecuencias no proxecto vital.</p>	<p>B1.2. Comprender o proceso de socialización na construción das identidades de xénero.</p>	<p>IGUB1.2.1. Compara os modelos de comportamento que representan homes e mulleres no seu contorno (familia, escola, amizades...) e analiza como inflúen no proxecto de vida.</p>	1º T	<p>Compara certos modelos de comportamento que representan homes e mulleres no seu contorno (familia, escola, amizades...) e analiza como inflúen no proxecto de vida.</p>	<p>Participación e atención nas actividades diarias de clase, actitude e comportamento fronte á materia, respecto fronte ás normas e realización de traballos individuais ou en grupo..</p>
<p>B1.7. Estereotipos de masculinidade, feminidade, maternidade e paternidade.</p>	<p>B1.3. Analizar tipos de familias do contorno máis próximo, rexeitar situacións de discriminación e</p>	<p>IGUB1.3.1. Identifica distintos modelos de familias e recoñece estereotipos na sociedade poñendo exemplos tirados de distintos ámbitos (familia, escola, amizade, medios de comunicación...).</p>	1º T	<p>Identifica distintos modelos de familias e recoñece estereotipos na sociedade</p>	<p>Participación e atención nas actividades diarias de clase, actitude e comportamento fronte á materia, respecto fronte ás</p>

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temp.	Grao mínimo de consecución	Procedementos e Instrumentos de avaliación
Diversidade de modelos familiares. B1.8. Os axentes de socialización na transmisión de estereotipos e prexuizos sexistas.	desigualdade e identificar a influencia dos diversos axentes de socialización (TV, prensa, noticias en internet...).	IGUB1.3.2. Participa, de maneira activa, nos diálogos propostos na clase, respectando as normas de interacción, intervención e cortesía e realiza produtos (textuais, gráficos e audiovisuais) cooperando con actitudes igualitarias.	1º T	Participa nos diálogos propostos na clase, respectando as normas de interacción, intervención e cortesía e realiza produtos cooperando con actitudes igualitarias.	normas e realización de traballos individuais ou en grupo..
Bloque 2. Relacións de xénero e afectividade					
B.2.1. As relacións entre sexos: expresión das emocións e dos afectos. B.2.2 Atracción, mitos e modelos de amor. B.2.3. As relacións de parella e relacións de poder. B.2.4. Outras alternativas: novas masculinidades e feminidades. Deconstrución de roles.	B2.1. Recoñecer situacións de desigualdade na expresión das emocións e dos afectos e propoñer alternativas dende o respecto.	IGUB2.1.1. Nomea distintos estados emocionais e pon exemplos en situacións reais ou simuladas de relacións afectivas con trazos negativos ou de dependencia.	1º T	Nomea estados emocionais e pon exemplos de relacións afectivas.	Participación e atención nas actividades diarias de clase, actitude e comportamento fronte á materia, respecto fronte ás normas e realización de traballos individuais ou en grupo..
		IGUB2.1.2. Distingue distintos tipos de relacións afectivas entre persoas (amizade, atracción, relación de parella) a partir de situacións dadas.	1º T	Distingue distintos tipos de relacións afectivas	
		IGUB2.1.3. Identifica modelos de relación tradicionais de parella a partir de exemplos reais que propoñan ou situacións simuladas.	1º T	Identifica modelos de relación tradicionais de parella	
		IGUB2.1.4. Compara distintos modelos de relacións, a partir de diferentes produtos audiovisuais (curtas, series de TV, música...), identifica os seus condicionamentos e valora a diversidade.	1º T	Compara distintos modelos de relacións, identifica os seus condicionamentos e valora a diversidade.	
B2.5. A construción social da sexualidade dende a perspectiva de xénero. B2.6. As relacións afectivas e sexuais: o papel do home e da	B2.2. Recoñecer a sexualidade e a súa construción como un proceso persoal e vital e rexeitar condicionamentos non igualitarios na súa expresión e	IGUB2.2.1. Identifica e diferencia distintos ámbitos da sexualidade a partir de exemplos reais ou simulados axeitados para a súa etapa evolutiva, recoñecendo estereotipos culturais e posibles desigualdades.	2º T	Identifica e diferencia distintos ámbitos da sexualidade, recoñecendo estereotipos culturais e posibles desigualdades.	Participación e atención nas actividades diarias de clase, actitude e comportamento fronte á materia, respecto fronte ás normas e realización de traballos individuais ou en grupo..

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temp.	Grao mínimo de consecución	Procedementos e Instrumentos de avaliación
muller na sexualidade dominante. B2.7. Orientacións e identidades na sexualidade: construción social dende estereotipos de xénero.	desenvolvemento respecto do modelo dominante.	IGUB2.2.2. Compara os roles do home e da muller nas relacións afectivas e sexuais no modelo dominante a través de imaxes ou vídeos propostos.	2º T	Compara os roles do home e da muller nas relacións afectivas e sexuais	
B2.8. O trato igualitario nas relacións afectivas e sexuais. B2.9. Respecto e comprensión nas relacións afectivas entre os sexos. B2.10. Estratexias de análise e resolución de conflitos. B2.11. Novas maneiras de relacionarse: oportunidades e riscos para a igualdade no mundo dixital.	B2.3. Comprender e valorar novas maneiras de relacionarse e de convivir dende o trato igualitario e positivo e transferir as estratexias e aprendizaxes á propia realidade persoal.	IGUB2.3.1. Identifica condutas e estratexias de respecto e comprensión nas relacións afectivas e sexuais a partir de casos prácticos ou debates.	2º T	Identifica condutas e estratexias de respecto e comprensión nas relacións afectivas e sexuais	Participación e atención nas actividades diarias de clase, actitude e comportamento fronte á materia, respecto fronte ás normas e realización de traballos individuais ou en grupo..
		IGUB2.3.2. Procura fórmulas para resolver os conflitos a través da escoita activa, a asertividade, a empatía e o diálogo construtivo.	2º T	Procura fórmulas para resolver os conflitos	
		IGUB2.3.3. Identifica as posibilidades que ofrecen as TIC como medio de comunicación e interacción entre iguais a través de exemplos comúns e utilizaas sen incorrer en desigualdades nin riscos para a propia integridade e a dos demais.	2º T	Identifica as posibilidades que ofrecen as TIC como medio de comunicación e interacción entre iguais	Participación e atención nas actividades diarias de clase, actitude e comportamento fronte á materia, respecto fronte ás normas e realización de traballos individuais ou en grupo..
		IGUB2.3.4. Participa de maneira activa nos diálogos propostos na clase, respectando as normas de interacción, intervención e cortesía e realiza produtos (textuais, gráficos e audiovisuais) cooperando de xeito igualitario.	2º T	Participa nos diálogos propostos na clase, respectando as normas de interacción, intervención e cortesía e realiza produtos cooperando con actitudes igualitarias.	
Bloque 3. Da discriminación á igualdade de oportunidades					

Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temp.	Grao mínimo de consecución	Procedementos e Instrumentos de avaliación
<p>B3.1. Dereitos humanos e igualdade.</p> <p>A evolución e a conquista dos dereitos.</p> <p>B3.2. O principio de igualdade e non discriminación.</p>	B3.1. Coñecer os dereitos humanos fundamentais.	IGUB3.1.1. Identifica fitos na consecución de dereitos ao longo da historia da humanidade.	2º T	Identifica fitos na consecución de dereitos	Participación e atención nas actividades diarias de clase, actitude e comportamento fronte á materia, respecto fronte ás normas e realización de traballos individuais ou en grupo..
	B3.2. Extraer conclusións sobre a diferente participación de homes e mulleres nos distintos ámbitos sociais.	IGUB3.2.1. Compara a adquisición dos dereitos por parte das mulleres e dos homes e recoñece as situacións discriminatorias que dan lugar á vulneración de dereitos humanos a través de exemplos concretos: dereito ao voto, á educación, á representación pública...	2º T	Compara a adquisición dos dereitos por parte das mulleres e dos homes	Participación e atención nas actividades diarias de clase, actitude e comportamento fronte á materia, respecto fronte ás normas e realización de traballos individuais ou en grupo..
<p>B3.3. Evidencias da discriminación das mulleres nos ámbitos público e privado.</p>	<p>B3.3. Identificar a participación de mulleres e homes nos ámbitos público e privado, recoñecendo a diversidade de situacións discriminatorias cara ás mulleres e analizando as consecuencias negativas para o desenvolvemento da autonomía persoal.</p>	IGUB3.3.1. Busca e selecciona mostras da desigualdade por razón de sexo e xénero a través de diferentes exemplos: na división sexual do traballo, acceso ao mundo laboral, salarios, masculinización e feminización dos perfís profesionais, corresponsabilidade no ámbito doméstico, uso desigual dos espazos e aproveitamento dos tempos de ocio, uso das novas tecnoloxías, feminización da pobreza...	2º T	Busca e selecciona mostras da desigualdade por razón de sexo e xénero a través de diferentes exemplos	<p>Participación e atención nas actividades diarias de clase, actitude e comportamento fronte á materia, respecto fronte ás normas e realización de traballos individuais ou en grupo..</p>
		IGUB3.3.2. Valora os dereitos acadados para o desenvolvemento e a autonomía persoal.	2º T	Valora os dereitos acadados para o desenvolvemento e a autonomía persoal.	
		IGUB3.3.3. Participa de maneira activa nos diálogos propostos na clase, respectando as normas de interacción, intervención e cortesía e realiza produtos (textuais, gráficos e audiovisuais) cooperando con actitudes igualitarias.	2º T	Participa nos diálogos propostos na clase, respectando as normas de interacción, intervención e cortesía e realiza produtos cooperando con actitudes igualitarias.	

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temp.	Grao mínimo de consecución	Procedementos e Instrumentos de avaliación
B3.4. Visibilidade das mulleres nos distintos eidos (historia, cultura, ciencia...) e recoñecemento da súa contribución en diversas esferas sociais.	B3.4. Coñecer e valorar o papel das mulleres ao longo da historia e no tempo contemporáneo, así como o proceso de ocultación sufrida.	IGUB3.4.1. Consulta e utiliza, de forma autónoma, fontes de información básicas (dixitais e outras) para a realización de traballos sinxelos sobre o labor de mulleres representativas nalgúns dos campos do coñecemento, da realización persoal, do lecer...	3º T	Consulta e utiliza fontes de información básicas para a realización de traballos sinxelos	Participación e atención nas actividades diarias de clase, actitude e comportamento fronte á materia, respecto fronte ás normas e realización de traballos individuais ou en grupo..
B3.5. A linguaxe inclusiva dende a perspectiva de xénero. Criterios de uso.	B3.5. Coñecer e aplicar os mecanismos de uso da linguaxe inclusiva.	IGUB3.5.1. Identifica os recursos lingüísticos que contribúen a visibilizar as mulleres no discurso a través do uso dunha linguaxe inclusiva.	3º T	Identifica os recursos lingüísticos que contribúen ao uso dunha linguaxe inclusiva.	Participación e atención nas actividades diarias de clase, actitude e comportamento fronte á materia, respecto fronte ás normas e realización de traballos individuais ou en grupo..
		IGUB3.5.2. Incorpora, de xeito gradual, a linguaxe inclusiva nas súas intervencións orais e producións escritas.	3º T	Incorpora, de xeito gradual, a linguaxe inclusiva	
B3.6. Alternativas para acadar a igualdade real de mulleres e homes (políticas sociais, cambio xeracional, cambio persoal...).	B3.6. Incorporar as principais aprendizaxes á realidade persoal e social.	IGUB3.6.1. Identifica actitudes positivas propias ou no seu contorno situacións de cambio que conduzan á igualdade entre os sexos.	3º T	Identifica actitudes positivas	Participación e atención nas actividades diarias de clase, actitude e comportamento fronte á materia, respecto fronte ás normas e realización de traballos individuais ou en grupo..
		IGUB3.6.2. Realiza propostas para conseguir a ampliación de dereitos e acadar así a igualdade real e efectiva, así como a visibilidade social da muller.	2º T	Realiza propostas para conseguir a ampliación de dereitos e acadar así a igualdade real	
Bloque 4. Cara a unha sociedade sen violencia machista					
B4.1. A violencia machista como consecuencia da desigualdade. A escalada da violencia machista: dende o micromachismo á agresión.	B4.1. Comprender que as distintas desigualdades derivan en discriminacións e violencias.	IGUB4.1.1. Identifica e xerarquiza feitos, actitudes e comportamentos discriminatorios e relacións coa violencia machista.	3º T	Identifica feitos, actitudes e comportamentos discriminatorios.	Participación e atención nas actividades diarias de clase, actitude e comportamento fronte á materia, respecto fronte ás normas e realización de traballos individuais ou en grupo..
B4.2. Identificación e recoñecemento de distintos tipos de violencia machista. As consecuencias nas persoas que a sofren.	B4.2. Identificar, recoñecer e analizar as consecuencias dos distintos tipos de violencia machista.	IGUB4.2.1. Identifica algúns tipos de violencia a partir de exemplos diversos e clasifícaos (violencia psicolóxica, física...).	3º T	Identifica algúns tipos de violencia.	Participación e atención nas actividades diarias de clase, actitude e comportamento fronte á materia, respecto fronte ás normas e realización de traballos individuais ou en grupo..
		IGUB4.2.2. Recoñece o ciclo da violencia a partir de situacións de agresións propostas.	3º T	Recoñece o ciclo da violencia.	

Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temp.	Grao mínimo de consecución	Procedementos e Instrumentos de avaliación
<p>B4.3. Sinais de alerta na mocidade. Detección e prevención de condutas violentas en relación co xénero.</p> <p>B4.4. Rexeitamento das condutas violentas por razón de xénero.</p>	<p>B4.3. Identificar os diversos sinais de alerta para detectar e prever a violencia machista nas relacións interpersoais propias e/ou do seu contorno.</p>	<p>IGUB4.3.1. Recoñece os sinais de alerta que permiten distinguir un caso de violencia machista, identifícalos en casos prácticos e denuncia as condutas violentas.</p>	3º T	<p>Recoñece os sinais de alerta que permiten distinguir un caso de violencia.</p>	<p>Participación e atención nas actividades diarias de clase, actitude e comportamento fronte á materia, respecto fronte ás normas e realización de traballos individuais ou en grupo..</p>
		<p>IGUB4.3.2. Participa, de maneira activa, nos diálogos propostos na clase, respectando as normas de interacción, intervención e cortesía e realiza produtos (textuais, gráficos e audiovisuais) cooperando con actitudes igualitarias.</p>	3º T	<p>Participa nos diálogos propostos na clase, respectando as normas de interacción, intervención e cortesía e realiza produtos cooperando con actitudes igualitarias.</p>	
<p>B4.5. A trata de persoas e a escravitude sexual como forma de violencia contra as mulleres.</p>	<p>B4.4. Buscar exemplos da trata de mulleres e nenas en distintos medios audiovisuais e escritos.</p>	<p>IGUB4.4.1. Busca exemplos da trata de persoas e da escravitude sexual nos medios de comunicación.</p>	3º T	<p>Busca exemplos da trata de persoas e da escravitude sexual nos medios de comunicación.</p>	<p>Participación e atención nas actividades diarias de clase, actitude e comportamento fronte á materia, respecto fronte ás normas e realización de traballos individuais ou en grupo..</p>
<p>B4.6. Solucións para saír da espiral da violencia.</p>	<p>B4.5. Demostrar solidariedade con todas as vítimas da violencia machista.</p>	<p>IGUB4.5.1. Realiza un produto (cartel, folleto, presentación, artigo xornalístico, blog...) que expoña de xeito sinxelo e positivo mensaxes e propostas de solución para afrontar as situacións de violencia machista.</p>	3º T	<p>Realiza un produto que expoña de xeito sinxelo e positivo.</p>	<p>Participación e atención nas actividades diarias de clase, actitude e comportamento fronte á materia, respecto fronte ás normas e realización de traballos individuais ou en grupo..</p>
		<p>IGUB4.5.2. Incorpora, de xeito gradual, a linguaxe inclusiva nas súas intervencións orais e producións escritas.</p>	3º T	<p>Incorpora, de xeito gradual, a linguaxe inclusiva</p>	

5. Metodoloxía

Apúntase, tamén, a oportunidade que brinda a materia para pór en práctica metodoloxías didácticas activas e contextualizadas que faciliten a participación do alumnado en traballos cooperativos, a realización de tarefas, a aprendizaxe baseada en problemas, o estudo de casos, o traballo por retos, etc., metodoloxías todas elas que lle confiren ao alumnado o papel de axente activo da súa propia formación. Levaranse a cabo debates nos que se practicará a capacidade de argumentación e as técnicas de falar en público. A participación resultará crucial no proceso de avaliación

O desenvolvemento das experiencias de traballo na aula, desde unha base teórica aberta e de síntese buscará a alternancia entre os dous grandes tipos de estratexias: expositiva e de indagación. Estas estratexias materializaranse en técnicas como:

- Os diálogos.
- Os conflitos cognitivos.
- Os dilemas morais.
- As representacións dramáticas.
- Os cuestionarios escritos.
- Os cuestionarios orais.
- Comentarios de distintos tipos de texto (orais, escritos e audiovisuais).
- A exposición oral.
- O debate.
- O coloquio.
- A entrevista colectiva.
- Os mapas de contido.
- A investigación bibliográfica.
- Os traballos de investigación.

En definitiva, recoméndase o aproveitamento das posibilidades que a materia ofrece para a práctica da linguaxe oral mediante o diálogo, a realización de debates, a defensa argumentada de opinións e ideas... Na mesma liña, xa que un dos obxectivos da materia é o fomento da participación, este é un ámbito propicio para o traballo cooperativo. Nese marco caberían instrumentos e actividades como o uso de fichas ou cuestionarios de autoavaliación, o emprego de equipos de observación, o estudo de casos reais ou simulados, exercicios de roles, a realización de pequenas investigacións, traballos, entrevistas ou enquisas, o estudo e a resolución individual e colectiva de problemas cotiáns, a creación de carteis etc

Metodoloxía COVID-19

A metodoloxía didáctica da actividade lectiva en función da situación sanitaria debida ao COVID-19 contemplarase nos seguintes escenarios:

Actividade lectiva presencial

Segundo as concrecións metodolóxicas xa expostas na programación e incluíndo que a entrega de prácticas farase tanto en man como de xeito telemático, por medio de fotografías, escaneados ou documentos de texto, nos enlaces que se habilitarán na Aula Virtual, para que o alumnado colla o costume de traballar de forma telemática chegando o caso de ter que realizar a actividade lectiva semipresencial ou non presencial

Actividade lectiva semipresencial

Actividades: realizaranse todas as prácticas, ata completar todos os estándares de aprendizaxe do curso, como se a actividade fose exclusivamente presencial. Faranse as propostas de actividades na parte presencial, na aula, detallando a metodoloxía a empregar e a data límite de entrega da actividade práctica. O alumnado desenvolverá a parte práctica na parte non presencial, na casa, e poderá corrixir e preguntar dúbidas tanto na parte presencial posterior á proposta, como na parte non presencial con mensaxes a través da Aula Virtual ou videoconferencia se chega a ser necesario

Metodoloxía: as explicacións teóricas faranse dun xeito detallado na parte presencial, na aula, e a entrega de prácticas farase tanto en man, na seguinte parte presencial, como de xeito telemático, por medio de fotografías, escaneados ou documentos de texto, nos enlaces que se habilitarán na Aula Virtual

Materiais e Recursos: material propio subido aos cursos da materia Igualdade de Xénero e enlaces a vídeos, páxinas web, blogs, ... propios e alleos que amplían o material propio subido aos cursos das materias

Actividade lectiva non presencial

Actividades: realizaranse todas as prácticas, ata completar todos os estándares de aprendizaxe do curso, como se a actividade fose exclusivamente presencial. Farase unha proposta a principio da semana desde o Foro de novas da Aula Virtual detallando a metodoloxía a empregar e a data límite de entrega da actividade práctica. Dependendo do tipo de actividade práctica darase 1 ou 2 semanas para a realización da mesma. O alumnado poderá preguntar dúbidas e corrixir as prácticas durante o proceso de realización das mesmas mediante mensaxes a través da Aula Virtual ou videoconferencia se chega a ser necesario

Metodoloxía: as explicacións teóricas faranse dun xeito detallado na Aula Virtual por medio de textos e vídeos e a entrega de prácticas farase só de xeito telemático, por medio de fotografías, escaneados ou documentos de texto, nos enlaces que se habilitarán na Aula Virtual

Materiais e Recursos: material propio subido aos cursos da materia Igualdade de Xénero e enlaces a vídeos, páxinas web, blogs, ... propios e alleos que amplían o material propio subido aos cursos das materias

6. Materiais e Recursos didácticos

Non se utilizará libro de aula, polo que o profesorado proporcionará ao alumnado o material necesario en distintos formatos (papel, dixital, audiovisual, etc), empregando distintos tipos de fontes buscando en todo momento a actualidade (xornais, revistas,).

Usarase como libro de referencia:

Igualdad de Género. ESO. Editorial Anaya. ISBN: 978-84-698-2834-2

Empregaranse distintos espazos distribuídos por todo o centro: aula, biblioteca, aula de informática, etc segundo as necesidades propias das actividades a desenvolver

7. Instrumentos de avaliación, criterios de cualificación e promoción do alumnado

En canto aos instrumentos de avaliación, ao traballar esta materia empregando traballo cooperativo, o alumnado será avaliado polos traballos que realice ao longo do curso.

Se as características do grupo non permitisen o desenvolvemento de traballos específicos para acadar aprendizaxes significativas, o profesorado resérvase o dereito de facer probas orais ou escritas para valorar ao alumnado. En ambos casos, estas basearíanse nos estándares de aprendizaxe aos que se refire esta programación didáctica.

Con respecto á cualificación nas tres avaliacións, o alumnado será avaliado tendo en conta o grao de adquisición dos estándares de aprendizaxe. Nese sentido, todos os tratados en cada trimestre terán o mesmo peso específico e valorarase o seu grao de adquisición en Baixo, Medio, Alto e Moi Alto, reportando cada un destes grados un ¼ do valor máximo do estándar. De xeito que a nota da avaliación calcúlase como segue:

$$\text{nota} = \sum \left(\frac{10}{n^{\circ} \text{ de estándares treballados por avaliación}} * \text{grado de consecución do estándar} \right)$$

No que se refire á promoción do alumnado, a cualificación final de xuño será a media aritmética das 3 avaliacións e para facer a media será necesario que o alumnado supere todas as avaliacións. O alumnado coas tres avaliacións aprobadas poderá realizar un traballo complementario, durante o período entre a 3ª avaliación e a final, que lle servirá para poder mellorar a nota final de xuño. De non ter as tres avaliacións aprobadas o alumnado deberá presentar, no período entre a 3ª avaliación e a final, os traballos non entregados durante o curso ou repetir os que teña suspensos para poder recuperar as avaliacións non superadas; de non ser así terá que presentarse a unha proba escrita na convocatoria ordinaria de xuño baseada nos mínimos esixibles para acadar unha avaliación positiva.

Recuperación da materia pendente:

No presente curso escolar só hai matriculada no centro unha estudante coa materia suspensa; pero, aínda que non se dese o caso, poderíase incorporar tardiamente algún estudante que estivese en tal circunstancia e procederíase do seguinte xeito:

Para facilitar a recuperación das materias pendentes, ademais de que o profesorado atenda ás necesidades de superación das carencias que presenta o alumnado que accede a un curso sen aprobar a materia do curso anterior, este Departamento ten establecidos os seguintes mecanismos de seguimento e control:

- A) O alumnado que non tivese superada a materia do curso anterior realizará un traballo por trimestre acorde cós estándares avaliados. Estes traballos reportaranlles ata 1 punto por traballo
- B) En maio debe presentarse á proba oficial, que consistirá nunha serie de actividades nas que se avalíen os estándares correspondentes. Os boletíns de actividades que se lles entregarán nos meses de outubro, xaneiro e abril, lles serán devoltos corrixidos e valeránlle para repasar para o exame final. A nota corresponderase á suma da obtida nos traballos trimestrais mais a conseguida no exame. A nota obtida nunca será superior a 6.

8. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente

Para a avaliación do proceso de ensino e a práctica docente se empregarán dous cuestionarios que se cubrirán varias veces ao longo do curso escolar (por exemplo a metade e o final de cada trimestre).

Un destes cuestionarios está dirixido ao alumnado e o outro e para a cubrir polo profesorado. A información extraída destas preguntas se empregará para facer unha reflexión sobre a propia actuación co alumnado. O obxectivo deste análise reflexivo é obter información que permita identificar aspectos a mellorar para a continuación propoñer e incorporar esas medidas de mellora necesarias e adaptar así a práctica docente as necesidades do alumnado

Cuestionario para o alumnado

Valora do 1 ao 4 cada un dos aspectos referentes á materia de Igualdade de Xénero, tendo en conta que a puntuación máis negativa é o 1 e a máis positiva é o 4.

	1	2	3	4
RESPECTO Á MATERIA				
• Consideras que os temas tratados foron interesantes				
• Consideras que hai temas que sobraron				
• Consideras que hai temas que deberiamos ter tratado e non o fixemos				
• Consideras que as actividades complementarias axústanse á materia				
• Nota global da materia				
<u>O QUE MAIS ME GUSTOU FOI:</u>				
RESPECTO AO PROFESOR/A				
• Consideras que os recursos empregados (vídeos, apuntes e fotocopias entregadas polo profesorado, boletíns, etc) foron os apropiados				
• Consideras que os medios empregados (escritos, audiovisuais, etc) foron os apropiados				
• Consideras que o profesorado resolveu as dúbidas que ías tendo e preguntabas				
• Os exames axústanse á materia dada na aula				
• Nota global do profesorado				
<u>ASPECTOS A MELLORAR:</u>				

Cuestionario para o profesorado

1 Case nada 2 Pouco 3 Bastante 4 Moito

	1	2	3	4
Motivo aos estudantes comunicándolles os obxectivos que quero conseguir e a finalidade das actividades, partindo dos seus coñecementos previos, informándolles da utilidade e creando expectativas				
Emprego metodoloxías que favorezan o desenvolvemento dunha actitude positiva do estudante e que teña en conta os seus intereses				
Propoño actividades que favorezan a aprendizaxe autónoma (busca e selección de información, realización de esquemas, traballos...)				
As actividades que propoño están relacionadas con situacións da vida real				
Emprego recursos e materiais variados: gráfico, audiovisual,...				
Traballo de xeito variado e agrupo aos estudantes de diferentes formas: individualmente, por parellas, en pequeno ou gran grupo, etc...				
Existe unha gradación de sinxelo a máis complexo nas actividades que propoño				
Utilizo diferentes ferramentas de avaliación				
Os temas que se tratan na aula e as actividades que se propoñen espertan o interese do estudante				
Fomento a participación dos estudantes				
Eloxio os avances e melloras dos estudantes				
Na avaliación de cada estudante, comunícolle en que debe mellorar e lle propoño actividades para facelo				
Consulta a programación ao longo do curso escolar				
Emprego a avaliación como ferramenta de mellora				
Como organizo o grupo clase?(expresado en %)				
	Trabaja individual			%
	Parellas			%
	Grupo pequeno			%
	Gran grupo			%

9. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O departamento organizará para cada estudante con materias pendentes actividades específicas de seguimento e recuperación. Para a elaboración destas actividades se tomarán como referencia os estándares de aprendizaxe mínimos establecidos para o correspondente curso e se deseñarán actividades que contribúan a adquisición dos mesmos. Para isto en cada trimestre os estudantes recibirán un boletín de traballo que deberán entregar para a súa corrección no prazo indicado.

O profesorado que imparte docencia no curso no que está matriculado o estudante será o que fará o seguimento da materia pendente

Avaliación da materia pendente na convocatoria ordinaria

Para a avaliación da materia pendente de cursos anteriores se empregarán dous instrumentos de avaliación (boletíns de actividades e proba escrita) e se terán en conta os seguintes criterios de cualificación:

Boletín de exercicios correspondente aos contidos mínimos establecidos na programación e distribuídos trimestralmente segundo se marca na mesma.

- Boletín de exercicios 1ª avaliación : Nota máxima 1 punto
- Boletín de exercicios 2ª avaliación : Nota máxima 1 punto
- Boletín de exercicios 3ª avaliación : Nota máxima 1 punto

A avaliación deste boletín de traballo terá en conta os seguintes elementos:

- Entrega para a súa corrección no prazo indicado: 20%
- Realización correcta dos exercicios: 60%
- Orde e claridade:20%

Proba escrita que se realizará no mes de maio correspondente os estándares mínimos da materia establecidos na programación.

A puntuación obtida na proba escrita será sumada á obtida nos boletíns de traballo, considerándose superada a materia se acada un 5 en total.

Ademais da cualificación final da materia pendente, en cada xunta de avaliación ordinaria do curso no que está escolarizado o estudante con materias pendentes, farase un seguimento destas materias e enviarase información (ben, mal, regular) ao respecto ás familias no boletín de notas.

Avaliación na convocatoria extraordinaria

No caso de non superar en maio a materia, o estudante poderá presentarse a unha proba escrita no mes de xuño (sobre os mínimos establecidos) ou presentar os boletíns de traballo suspensos ou non presentados durante o curso. No caso de presentarse a unha proba escrita soamente se terá en conta a nota do exame extraordinario e non se lle sumará a nota obtida naqueles boletíns de traballo que puidera ter aprobados durante o curso

10. Procedementos para a realización da avaliación inicial e medidas a adoptar

A avaliación inicial do estudante realizarase durante o primeiro mes do curso e poderán empregarse os seguintes instrumentos:

- Observación directa do estudante na aula: valorando comportamento, actitude, interese, motivación, participación, realización das actividades na aula...
- Lecturas en voz alta orais de pequenos textos
- Proba escrita de coñecementos mínimos
- Proba escrita de destrezas (comprensión lectora, capacidade de relación, síntese, etc...)

Estes instrumentos de avaliación non serán empregados para obter unha cualificación numérica que teña repercusión na nota da primeira avaliación senón que se empregarán para facer unha valoración cualitativa (moi ben, ben, regular, mal , moi mal) de cada estudante. A información así obtida será empregada para determinar as necesidades individuais do alumnado e poder adaptar o proceso de ensinanza a ditas necesidades. Para adaptar este proceso se recorrerá a elaboración nos casos necesarios de plans de traballo individualizado, deseño de actividades específicas de ampliación e reforzo, etc...

11. Medidas de atención á diversidade e inclusión

Á hora de formular as medidas de atención á diversidade e inclusión debemos obter, en primeiro lugar, diversa información sobre cada grupo de estudantes; como mínimo debe coñecerse a relativa a:

- O número de alumnos e alumnas.
- O funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares.
- As necesidades que se puidesen identificar; convén pensar nesta fase en como se poden abordar (*planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.*).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciais.
- Os desempeños competenciais prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia.
- Os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar os alumnos e as alumnas para os traballos cooperativos.
- Os tipos de recursos que se necesitan adaptar a nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes; a partir dela poderemos:

- Identificar os estudantes que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.).
- Saber as medidas organizativas a adoptar. (situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares a adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada estudante co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor.

Deberán diferenciarse os estudantes que requiren necesidades específicas de apoio educativo en función das súas particularidades, que poden agruparse nestes ámbitos:

- En primeiro lugar, deberán cubrirse as necesidades educativas especiais.
- En segundo lugar, teranse en conta aqueles casos que representan unha incorporación tardía ao Sistema Educativo.
- En terceiro lugar, deberá prestárselles unha atención especial a aqueles estudantes que dispoñan dunhas altas capacidades intelectuais.
- Por último, prestaráselles igualmente unha atención especial a aqueles estudantes con Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividade (TDAH).

Debe sinalarse que a atención a estes catro grupos de estudantes con necesidades específicas de apoio educativo non debe desvirtuar o que debe ser a intención fundamental do centro educativo en xeral e de cada curso en particular, que persegue a educación integral de todos os estudantes e que se materializa na necesaria integración de todo o alumnado.

A intervención educativa debe contemplar como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todos eles á vez que unha atención personalizada en función das necesidades de cada un.

Para que o alumnado con necesidade específica de apoio educativo poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos da etapa, estableceranse as medidas curriculares e organizativas oportunas que aseguren o seu adecuado progreso.

12. Elementos transversais

Poucas materias afondan no tratamento dos elementos transversais do currículo como a de Igualdade de Xénero, tendo algún deses elementos, como a educación cívica, como parte nuclear, e necesitando o concurso dos outros, como a comprensión de lectura, a corrección na expresión oral e escrita, o uso de ferramentas para a comunicación audiovisual e outros elementos de TIC, ou a aposta polo emprendemento como antítese do estancamento e a pasividade. Pero, ademais, na materia abórdanse temas como o desenvolvemento persoal, o abuso e o maltrato de persoas con discapacidade, ou o fomento da igualdade de oportunidades, porque nestes e en outros é a reflexión ética a quen ten que orientar a nosa conduta.

13. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

Podemos definir as actividades complementarias e extraescolares como aquelas que contribúen de forma importante ao desenvolvemento integral da personalidade do estudante e constitúen un campo específico para a iniciativa e a capacidade de organización do Centro.

As actividades complementarias e extraescolares deben considerarse como accións complementarias que teñen como finalidade primordial, propiciar o pleno desenvolvemento da personalidade do estudante, a cuxo fin é imprescindible que transcendan o ámbito puramente académico estendendo a acción formativa dos estudantes ata o medio en que o Centro Educativo estea inserto e incidindo nos seus aspectos económicos, culturais, socio-laborais, etcétera, polo que non deben enfocarse como actividades imprescindibles para a consecución dos obxectivos específicos asignados ás determinadas materias, senón como un complemento da acción instrutiva e formativa destas.

Os obxectivos para conseguir coa realización de actividades complementarias e extraescolares son:

- Favorecer o desenvolvemento persoal dos estudantes e o seu acceso ao patrimonio cultural, sen discriminación ningunha por razóns de sexo, raza, capacidade ou orixe social.
- Adaptarse ás peculiaridades e intereses individuais dos estudantes.
- Responder ás esixencias dunha sociedade democrática, complexa e tecnificada.
- Compensar as desigualdades sociais, culturais ou por razón de sexo, sen incorrer no favoritismo, pero tendo en conta as diversas capacidades dos estudantes.
- Preparar a inserción na vida activa, para o desempeño das responsabilidades sociais e profesionais propias da existencia adulta.

Proporemos actividades concretas para os días de celebración propostos pola comunidade educativa que están relacionados coa igualdade de xénero e outros valores éticos; promovendo a participación do alumnado de xeito activo co traballo previo realizado na sesión semanal.

Con respecto ás actividades complementarias que se poden propoñer ao alumnado, convén reflexionar sobre estas cuestións:

- Consegúronse os obxectivos propostos a partir das actividades realizadas?
- Cal foi o resultado da realización das actividades?
- Cales delas gustaron máis?
- Que propostas de mellora podemos sinalar?

Ao final de curso, na Memoria de Departamento reflectirase unha avaliación das actividades complementarias e extraescolares valorando o grado de cumprimento dos obxectivos propostos.

14. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica e da práctica docente. indicadores de logro

Os docentes avalían tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, a través dos indicadores de logro incorporados na programación docente.

Os Estándares de Aprendizaxe, considerados como concrecións dos Criterios de Avaliación do Currículo de cada área ou materia, permítennos definir os resultados da aprendizaxe e concretar o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada materia. Os indicadores de logro permítennos avaliar en cinco niveis as aprendizaxes que o alumnado consolidou respecto aos obxectivos marcados en cada Estándar.

Este feito permítelle ao docente, ao mesmo tempo, avaliar os resultados das estratexias e medidas educativas que adoptou ao longo da súa práctica educativa para facilitar que o alumnado acade os obxectivos establecidos en cada Estándar de aprendizaxe.

A avaliación tanto dos procesos de aprendizaxe do alumnado como da propia práctica docente será continua. A avaliación docente terá, á súa vez, como obxectivo adaptar as estratexias educativas adoptadas ao longo do curso ás necesidades específicas do alumnado.

Os indicadores de logro permiten, neste sentido, identificar os coñecementos, capacidades, competencias... que en relación a un estudante individual ou ao conxunto do grupo-clase deben ser consolidados, permitindo adaptar a práctica educativa ás necesidades específicas dos estudantes para que poidan alcanzar as ensinanzas establecidas nos correspondentes estándares de aprendizaxe.

En relación á práctica docente os indicadores de logro permiten valorar:

- Se se está cumprindo coa planificación: actividades, tempos, responsabilidades,...
- Se existe desviación entre o obxectivo definido e a acción ou accións deseñadas para conseguilo.
- Se se están conseguindo outras cousas distintas ás planificadas intencionalmente.
- Se se está progresando na liña definida no obxectivo.
- Se os resultados obtidos xeran satisfacción nos implicados

Dentro do proceso de ensino e aprendizaxe, o equipo docente de cada grupo do alumnado celebrará sesións de avaliación para valorar tanto as aprendizaxes do alumnado, como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente.

O equipo docente deberá adoptar as medidas ordinarias ou extraordinarias máis adecuadas. Estas medidas fixaranse en plans de mellora de resultados colectivos ou individuais que permitan solucionar as dificultades, en colaboración coas familias e mediante recursos de apoio educativo.

Ademais pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento de programacións didácticas. Para iso, empregaremos unha ferramenta de avaliación da programación que podemos realizar non só ao finalizar o curso escolar, senón tamén ao finalizar cada unidade didáctica ou cada trimestre, co fin poder levar a cabo as adaptacións pertinentes o antes posible.

Deste xeito, a PD será empregada como ferramenta ao longo de todo o curso escolar e por tanto consultada e revisada polo profesorado durante a posta en práctica da mesma.

Polo menos unha vez o trimestre, o departamento fará conxuntamente un seguimento da programación e en caso de que fose necesario se introducirán as correccións precisas.

Si se fan modificacións ó longo do curso da programación, de ditas modificacións se informará ao alumnado afectado e se deixará constancia na memoria final do departamento.

Ademais ao longo do curso se empregará como procedemento para avaliar a PD, a seguinte ficha cunha serie de cuestións sobre os diversos elementos que integran a programación

1= Mal	2= Regular	3= Ben	4= Moi ben
--------	------------	--------	------------

	1	2	3	4
Secuenciación temporal dos contidos ao longo do curso				
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos				
Adecuación dos mínimos esixibles (o que o estudante debe saber, comprender e saber facer) establecidos para cada curso				
Descritores e desempeños competenciais				
Equilibrio entre o traballo individual e o cooperativo				
Coordinación entre o profesorado que da clase ao mesmo grupo de estudantes				
Adecuación/Selección das actividades extraescolares e complementarias programadas polo Departamento				
Utilización dos recursos e materias variados				
Estratexias metodolóxicas seleccionadas				
Grao de adecuación dos instrumentos de avaliación empregados				
Grado de adecuación dos criterios de cualificación				
Valoración dos procedementos utilizados para a avaliación inicial				
Valoración da contribución ao plan TIC				
Valoración das accións levadas a cabo para contribuír ao plan de convivencia				
Valoración da contribución ao proxecto lector				
Grado de adecuación das actividades de reforzo, de recuperación e afondamento				
Valoración do seguimento realizado cos estudantes con materias pendentes				
Uso variado e coherente de diferentes métodos e estilos de ensinanza				
Valoración das medidas de atención a diversidade adoptadas (PTI, ACI, SSBB....)				